



Estudo da flora pteridolóxica e liquénica ameazada na Devesa de Santa Leocadia (Mazaricos, A Coruña)


AUTOR: Javier Calvo Vázquez

DIRECTOR: M^a Graciela Paz Bermúdez

CURSO: 2019/2020

RESUMO: A Devesa de Santa Leocadia é un bosque atlántico ben conservado no que se atopan catro fentos paleotropicais: *Dryopteris aemula* Aiton (Kunze), *Dryopteris guanchica* Gibby & Gerny, *Hymenophyllum tunbrigense* (L.) Sm. e *Woodwardia radicans* (L.) Sm., todos eles incluídos como “vulnerables” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, así como os líques foliáceos: *Leptogium cochleatum* (Dicks.) P. M. Jorg. & P. James e *Pseudocyphellaria aurata* (Ach.) Vain. incluídos no devandito catálogo como “en perigo de extinción”.

Realizouse un inventario o máis aproximado posible do número de exemplares de cada unha das poboacións dos distintos taxóns e calculouse a súa densidade no espazo coa finalidade de ampliar o coñecemento que se ten sobre elas en Galicia.



Os resultados obtidos do traballo de campo mostran que, as especies estudadas contan con importantes reservorios e gozan dun bo estado de conservación, polo que a súa supervivencia non está comprometida a medio prazo sempre que se manteñan as condicións ecolóxicas actuais do espazo. Proponse a súa inclusión na Rede Natura 2000 “Esteiro do Tambre”, así como a creación dun Espazo Natural de Interés Local (ENIL) para garantir os seus valores naturais.